



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

LUGAR: Casa do Concello
DATA: 13 de xullo de 2011.
HORA DE COMEZO: 20.30 horas
HORA DE REMATE: 21.00 horas.

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera .
Don Manuel Mouriño Varela .
Don Antonio González Barral .
Dona María Dolores García Couto .
Dona Sonia Rodríguez Midón .
Don Jesús José Santasmarinas Devesa .
Dona Raquel García Fraga .
Dona Adela Redondo Rendo.
Don Xabier Canabal Fernández .
Don David Paulino Calvelo Otero

AUSENTES:

Don Adolfo Gacio Vázquez.

No salón de sesións da casa do concello e presidindo o alcalde en funcións Jesús Sanjuás Mera , reúnen os concelleiros, que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno, que foi convocada cos requisitos legais esixibles.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior.**
- 2. Aclaración do acordo de aprobación da remuneración do concelleiro Jesús Sanjuás Mera.**
- 3. Aprobación da dedicación exclusiva do alcalde. Aprobación remuneración**
- 4. Nomeamento portavoces do PP (titular e suplente)**
- 5. Aprobación Conta Xeral 2010.**

6. Información alcaldía.

7. Rogos e preguntas.

DELIBERACIÓNS

1 Aprobación da acta anterior.

Cos votos a favor dos presentes, apróbase a acta da sesión que tivo lugar o día 27 de xuño de 2011.

2. Aclaración do acordo de aprobación da remuneración do concelleiro Jesús Sanjuás Mera.

Sen máis, cos votos a favor de todos os presentes, apróbase a rectificación, quedando fixada a retribución en :

Salario bruto :2.094,89 € / mes (14 mensualidades)

Seguridade social : 795,54 € / mes.

3. Aprobación da dedicación exclusiva do alcalde. Aprobación remuneración

Procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do P.P. e do P.S.de G. e en contra do representante do B.N.G. acórdase :

1 Aprobar a dedicación exclusiva do alcalde , don Adolfo Gacio Vázquez.

2 Aprobar a seguinte retribución a aboarlle polo cargo :

Salario bruto : 3.309,04 euros / mes (12 meses)

Paga extraordinaria : 2.966,74 euros / mes (xuño e decembro)

MUFACE : 222,12 euros / mes.

4. Nomeamento portavoces do PP (titular e suplente)

Cos votos a favor do P.P. e P.S.de G. e coa abstención do B.N.G., acórdase :

1) Nomear portavoz do equipo de goberno do PP a don Jesús Sanjuás Mera.

2) Nomear portavoz suplente a dona Raquel García Fraga.

5. Aprobación Conta Xeral 2010.

O 18 de maio de 2011, reuniuse á Comisión de Contas co fin de informar a “ Conta Xeral 2010 “, cuxa acta se transcribe literalmente :

“ INFORME CONTA XERAL 2010 ”

Preséntase para o seu informe pola comisión de contas, a conta xeral do presuposto do ano 2010, cuxo resultado é o seguinte :

*Remanente de Tesourería : **positivo (186.746,97 €)***

*Superávit presupostario : ascende a **194.901,65 €** .*

*Resultado presupostario : ascende a **171.429,15 €**.*

*Aforro bruto: **71.600,43 €**.*

*Aforro neto: **-23.695,96 €**.*

A continuación o sr. Viaño di que si se teñen en conta as facturas recoñecidas extraxudicialmente, o aforro neto aínda sería máis negativo, e que se debería tratar de solucionar este problema por si nalgún momento fose necesario acudir a un préstamo. Segue dicindo o sr. Viaño que polo ben da economía do concello, o persoal eventual non pode seguir medrando. De seguir así haberá dificultades ata para facer fronte ao pago das nóminas.

Así mesmo, di que se debe reducir o gasto en alumeado público, pois a sétima parte do presuposto dedícase a esta partida.

O señor alcalde responde que no capítulo de persoal se inclúe o persoal da escola obradoiro , que finaliza en xuño, e por isto é tan elevado.

Sen máis, cos votos a favor do P.P. e en contra do P.S. de G – P.S.O.E, infórmase favorablemente a conta xeral correspondente ao exercicio presupostario 2010.”

O señor Calvelo di , por un lado, que por coherencia co voto emitido polo seu grupo naquela sesión da comisión de contas, debe votar en contra e por outro , que a situación económica do concello é bastante precaria , polo que é necesario xestionar mellor e economizar a distribución do gasto.

Que o concello ten unha sobrecarga que todos coñecen cal é, e que levará ao concello a mal fin. Por todo o que o señor Calvelo vota en contra.

O señor Canabal di que se abstén porque non tivo representación na anterior lexislatura. Sen embargo segue dicindo :

“ Creo que compre facer algunha anotación sobre o documento contable que hoxe se trae ao pleno. E non consideren que esta abstención, trata de escorrer o morto.

Quero chamar a atención dos responsables políticos deste concello da febleza financeira, e a onde nos levan as políticas que se aplican en Boqueixón.

É por iso, polo que xa anunciándolles a miña abstención de antemán, polo motivo exposto, espero que a miña intervención de hoxe non caia en saco roto, e que tomen

algúns apuntamentos (fáganllos chegar ao alcalde, xunto co ton de moderación de hoxe). Espero que sexa unha excepción a súa ausencia (Comeza a converterse nun costume que non estea xusto no pleno onde se aproban as contas).

PRIMEIRO : Para comezar, quero recordarlle aos concelleiros que xa hai anos, aló polo ano 2003, 2004..., cando os ingresos , sobre todo polo Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, eran máis que cuantiosos, cando o desenvolvemento do SAUI, aportou ás arcas do concello uns ingresos extraordinarios de máis de 300.000 € nun exercicio. O concelleiro do BNG advertía que de non ter unha coherencia axeitada na execución do gasto/investimento, “estes ingresos extraordinarios” serían perversos, e estes poderían converterse nunha “espada de Damocles” para Boqueixón. Pasados os anos, e aínda lamentándoo, creo que exactamente isto comeza a observarse na estrutura da conta que hoxe se presenta.

SEGUNDO : Díxeno con meridiana claridade no último pleno extraordinario. Non é que non queira recoñecer o arrase electoral do Partido Popular en Boqueixón nas últimas eleccións, onde non só non diminuíu en votos, senón que mesmamente os incrementou. Mais a pesares de que a xestión do alcalde se ve respaldada electoralmente, non é menos certo que esta forma de facer política, leva outras consecuencias aparelladas, que á vista están, e que poden observarse claramente na conta xeral que hoxe se presenta.

A falta de dinamismo deste concello, tanto desde o punto de vista social (pode verse no padrón de habitantes), como desde o punto de vista empresarial (analicen as escasas iniciativas empresariais xurdidas nos últimos 20 anos e a escasa xeración de traballo), levan a que a estrutura financeira do concello estea danada, e que precisamos deste dinamismo como a auga para poder manter un concello moderno, nas expectativas dun concello do entorno dunha área urbana. Ese debe ser o noso obxectivo.

E toda esta falta de dinamismo (desprazamento dos mozos a outros concellos da comarca, falta dun plan xeral de ordenación municipal que permita medrar ordenadamente, falta de solo industrial que permita desenvolver iniciativas empresariais e xerar emprego...) todo isto, lastran as contas dun concello. Dende esta perspectiva é, onde quero por acento, e demostrarlle o que acabo de dicir.

ANÁLISE DAS CONTAS:

TERCEIRO : Informe Económico. Pese a que, como se recolle no informe económico, o remanente de tesourería é positivo, pese a que existe superávit orzamentario, e pese a que tamén se recolle un superávit entre ingresos e gastos correntes, o aforro neto é negativo ; consecuencia por un lado do nivel de endebedamento e por outro da estrutura dos gastos, cuestión se cabe, máis grave.

CUARTO : Débeda.

En canto á débeda, cómpre salientar a súa importante contía, a 31/12/2010 a 1.134.314,48 €: en termos orzamentarios representa o 28,60% do orzamento inicial de 2010, ou se o traducimos a cifras per cápita, 255,25 € por veciño. Estas cifras poden considerarse xa máis que significativas, e comezan a ser un problema tanto en números

absolutos e per cápita, como polos elevados custos financeiros que nos carrexarán nos vindeiros anos.

Compárese por exemplo o nivel da débeda co nivel dos investimentos, que non chegan a representar o 20% dos orzamentos executados.

QUINTO : Estrutura de Gastos e Ingresos. Sen embargo, é moito máis preocupante a estrutura propia dos gastos e ingresos, o que dá unha clara situación da febleza financeira do concello de Boqueixón; daremos unha pincelada sobre esta:

Reflicítese no limiar destas contas un plantel de persoal 2010 de 67 traballadores; lonxe de criticar a xeración de traballo público, o que si chama a atención é que mentres o plantel do concello incrementa, tamén o fai a externalización de servizos, e que tamén está reflictida na memoria destas contas a seguir : Xestión do Servizo Público de Sumidoiros a Espina & Delfín, Servizo de mantemento e reparación da iluminación pública a Montaxes Eléctricos Manuel Fernández Fuentes , Xestión do servizo público de abastecemento de auga a Espiña & Delfín , Servizo de axuda a domicilio a Servicios y Materiales, SA . A todo isto , cómpre tamén salientar que os servizos urbanísticos do concello están parcialmente xestionados por Estudio Técnico Gallego , xestión do tratamento do lixo a Sogama (A recollida préstaa o concello directamente).

Ademais para obras e arranxos son tamén numerosas as empresas que acceden á contratación de obras dentro deste concello.

Realmente paradigmático esta forma de facer política. Paradigmática, inconsistente e insostible.

En canto a relación gastos – ingresos compre tamén facer aportacións :

Os recursos propios que xera este concello, é dicir, a suma dos capítulos 1 (impostos directos) 2 (impostos indirectos) 3 (taxas) e 5 (ingresos patrimoniais) ascenden a 1.094.012,12 € (dereitos recoñecidos), o que representa o 25,78% do orzamento total liquidado no ano 2010.

Pero polo lado dos gastos, o custo de estrutura fixa deste concello (persoal e gastos correntes) ascende a 2.935.373,52 €, polo que os ingresos propios deste concello só financian o 37,27% dos custos fixos de estrutura, ou o que é o mesmo, para manter aberto o concello precísase que o 62,73% se financien con cargo a outras administracións.

Case 2 millóns de euros deses gastos de estrutura teñen que ser financiados anualmente por outras administracións.

Deste xeito, aínda que a liquidación do orzamento sexa positiva (e iso sen termos en conta os recoñecementos extraxudiciais de crédito do presente 2011), chama poderosamente a atención a febleza da estrutura orzamentaria, tendo en conta que o Concello de Boqueixón só é capaz de financiar o 37,27% dos seus recursos, precisando de máis dun 60% da axuda doutras administracións.

SEXTO : Conclusión.

Realmente son estas as notas que quixer facer para a reflexión de todos, posto que nun momento onde a austeridade e os recortes (axenda do PP en todo o Estado) están á orde do día, que poderemos agardar nun concello que precisa de máis 60% para manterse.

En fin, sen pretender estenderme máis, podemos sacar un corolario interesante que espero que estuden con atención:

A falta de dinamismo do concello xunto coas brigadas de demolición neoliberais do tándem PSOE-PP están afogando e baleirarán as arcas municipais; se a isto sumamos unha xestión externalizada de servizos inconsistente e irracional, e cuns altos gastos financeiros da débeda, camiñaremos, máis pronto que tarde, cara unha situación de insolvencia.

Nas mans de todos está tentar poñerlle freo.”

O alcalde en funcións, señor Sanjuás responde ao señor Calvelo, que a “ Conta Xeral ” xa foi debatida na Comisión de Contas e ao señor Canabal que toma nota da súa receita.

O señor Canabal di que lle gustaría que o goberno municipal fose consciente do problema porque cando as outras administracións corten a billa será moito peor.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do P.P. , abstención do BNG e en contra do P.S.de G. , apróbase a Conta Xeral do presuposto ano 2010.

6. Información alcaldía.

Dáse conta dos Decretos ditados entre 14 de xuño e o 8 de xullo de 2011.

7. Rogos e preguntas.

O señor Canabal presenta as seguintes preguntas mediante escritos rexistrados co nº 11/1755 e 11/1756 de data 7 de xullo 2011:

A. Preguntas relativas á licenza de tanatorio na aldea de Ramil – Lestedo (11/1755).

Exposición de motivos :

No pasado mes de xaneiro de 2011, máis de 80 veciños da aldea de Ramil – Lestedo, xunto co BNG presentaron alegacións en relación ao expediente que se tramitaba no Concello de Boqueixón, para concesión da licenza de actividade dun tanatorio, solicitada por Funeraria Apóstol Santiago, S.L. segundo anuncio publicado no BOP. nº 242 de 22 de decembro de 2010.

Lonxe de estar en contra da construción dun tanatorio dentro do termo municipal de Boqueixón, servizo que consideramos imprescindible e que debería prestarse de xeito directo polo Concello, como xa quedou redactado dentro da alegación presentada polo BNG, consideramos que a ubicación non é axeitada por diversas razóns técnicas e urbanísticas, que están debidamente motivadas e xustificadas.

Como antecedente temos por forza que sinalar que a oposición veciñal ao proxecto non era unha sorpresa para o concello toda vez que os veciños da aldea presentaron 79

sinaturas o 30 de outubro de 2009, amosando o seu rexeitamento a construción do tanatorio na finca escollida.

Chama pois poderosamente a atención que case dous anos despois da presentación das sinaturas no rexistro do concello, e transcorridos máis de seis meses dende a presentación formal das alegacións á licenza de actividade, o concello de Boqueixón non teña contestado as alegacións, nin lle teña dado contestación aos veciños que rexistraron os pregos de sinaturas no outono de 2009.

E o que xa é a guinda que culmina a nefasta xestión do concello de Boqueixón foi que o pasado 2 de xullo, un concelleiro da corporación non poida ter acceso ao expediente completo para a súa revisión, alegando verbalmente o Sr. Alcalde que estaba en Estudio Técnico Gallego.

Con todos estes antecedentes, sobra dicir o menosprezo do alcalde de Boqueixón aos veciños da aldea de Ramil, a quen non foi capaz de dar unha resposta sensata nos últimos dous anos. E o menosprezo tamén á totalidade dos veciños de Boqueixón cando agocha un expediente que foi requirido por un dos concelleiros.

PREGUNTAS:

1.¿ Por qué non se facilita un expediente a un concelleiro cando o pide, toda vez que a solicitude fora feita con máis dunha semana de antelación? Con independencia de que estivera en Estudio Técnico Gallego, non podería terse no concello o día solicitado polo concelleiro?

A resposta a esta pregunta xa lle foi dada polo señor alcalde. Nas datas que vostede solicitou o expediente, este atopábase no Estudio Técnico Gallego, posto que están a realizarse as respostas a todas as alegacións presentadas ó mesmo.

2.¿ Por qué os veciños de Ramil non obtiveron aínda resposta do señor alcalde , toda vez que xa van alá preto de dous anos desde o rexistro dos pregos de sinaturas presentados no Concello de Boqueixón , o 30 de outubro de 2009 ?

Do escrito presentado polo veciños de Ramil, rexistrado con nº de entrada 2009/801, non se desprende ningún tipo de cuestión ou pregunta ao señor alcalde. Soamente que se teñan escoitadas e se teñan en conta a súas peticións.

3.¿ Por qué non se contestan as alegacións despois de seis meses ?

A contestación ás alegacións dos veciños de Ramil estivo á espera de dous informes técnicos externos solicitados polo Concello de Boqueixón á Deputación Provincial de A Coruña e á Dirección Xeral de Urbanismo, da Xunta de Galicia.

O mesmo día que vostede solicita ó escrito con estas preguntas, recébase no concello, con número de entrada 11/1739, a Resolución da Dirección Xeral de Urbanismo, que resolve de xeito favorable á construción do tanatorio , sempre e cando se respecten as condicións de edificación do artigo 29 da L.O.U.G..

4.¿ En qué situación se atopa o expediente na actualidade ?

Unha vez recibido o informe da Dirección Xeral de Urbanismo, comezarase a contestación das máis de 80 alegacións presentadas ó proxecto do tanatorio na localidade de Ramil. Por ese motivo o proxecto se atopa no Estudio Técnico Gallego.

5.¿ Cando se informarán as alegacións ?

Esta fase atópase en marcha, se ben non podemos dar un prazo concreto, xa que se fará unha contestación individual e persoal, o cal require un tempo de traballo.

6.¿ Existe algún informe que faga un prantexamento razoado das alegacións presentadas polos veciños? En caso de que exista, ¿ qué di ?

Desde o concello de Boqueixón non temos coñecemento de tal informe e desde a concellaría de infraestruturas e urbanismo , non se ten feito, xa que como se comentou anteriormente, as contestacións ás alegacións faranse de xeito individual e persoal.

7.¿ Cómo está a situación urbanística actual no núcleo de Ramil en referencia ás vivendas construídas dende as NNSS do ano 1996 ? ¿ Cantas vivendas se construíron no núcleo rural de Ramil dende a aprobación das NNSS de Planeamento ?

O número de licenzas para ese núcleo rural está esgotado. Por tanto o cupo previsto de vivendas autorizables previsto nese planeamento xa está esgotado o mesmo que nos núcleos de Pazos (Parroquia de Lestedo) e Ardilleiro Pequeno (Parroquia de A Granxa).

B. Preguntas relativas a calidade do subministro eléctrico no Forte (11/1756) :

Exposición de motivos :

Na zona urbana de O Forte, existe unha importante dotación de servizos públicos (Centro de saúde, centro escolar, piscina, casa do concello, etcétera) así como se veu aumentando nos últimos anos o número de vivendas familiares, o que ocasionou un deterioro na calidade do subministro eléctrico, dado que o transformador destinado a esta zona, non contemplaba o aumento do consumo que actualmente se está a dar.

Nas primeiras semanas deste mes de xuño, estiveronse levando a cabo obras dirixidas a mudar o transformador eléctrico, situado no lugar de Piñeiro de Arriba. Está destinado a reforzar o tendido eléctrico da poboación do núcleo urbano de O Forte.

É por isto polo que fago as seguintes preguntas para a súa contestación no Pleno .

PREGUNTAS:

1. ¿ Qué proxecto de obra e organismo ampara estas actuacións ?.

A obra da que se solicita a información é unha obra realizada por Unión Fenosa Distribución S.A.

2. ¿ A qué plan está vinculada esta obra ?.

A obra é un traballo interno, de mellora da calidade do servizo da propia empresa . Non se atopa vinculada a ningún plan dependente da administración municipal.

3.¿ Cal é o motivo da paralización de obra ?.

A obra foi paralizada por dous motivos: por unha parte a carencia da licenza de obra, que está en tramitación e que será levada á próxima Xunta de Goberno e por outra parte o incumprimento das condicións técnicas do proxecto no referente ó soterramento das liñas de media tensión. Deben ir recubertas de formigón, característica esta que se estaba incumprindo.

4. De haber un problema público, ¿ cómo está previsto a resolución ?.

As medidas adoptadas xa foron tomadas co fin de evitar problemas públicos e garantir o cumprimento da normativa e a seguridade de todos os veciños de esa zona.

O señor Canabal fai , así mesmo , o seguinte rogo :

Que cando se aproben as contas do concello, o alcalde , señor Gacio Vázquez, esté presente na sesión.

Sen máis asuntos que tratar , o presidente en funcións remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
O alcalde en funcións